

Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización do Proxecto do Bosque-escola “Juan Manuel Pérez Eyré”

En Vigo, a 19/11/2025

Reunidos

Duhna parte O Excmo. Sr. D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVigo), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 110/2022, de 9 de xuño, publicado no D.O.G. do 20 de xuño, dacordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Ley Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario e os artigos 1.5 y 16n dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro y publicados no D.O.G. nº38 de 22 de febreiro de 2019, con C.I.F. Q8650002B e domicilio social en Vigo, Reitoría, Campus Universitario s/n.

E doutra parte, D. Alberto Varela Paz, en nome e representación do Concello de Vilagarcía de Arousa con CIF P/3606000B en virtude das atribucións que ten conferidas como representante da institución municipal.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio, e para ese efecto

Expoñen

- I. Que o artigo 1 dos Estatutos da UVigo, aprobados por Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, do Consello da Xunta de Galicia (DOG de 22 de febreiro de 2019), establece entre as súas funcións a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria, así como contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua.
- II. O Concello de Vilagarcía de Arousa ten entre as súas competencias a protección do medio ambiente e a xestión dos parques e xardíns públicos.
- III. O obxecto do presente convenio é a creación dun “Bosque escola” como forma de preservación de bosque atlántico de frondosas, no concepto de bosque antigo ou maduro e en memoria do profesor Juan Manuel Pérez Eyré para o cal terá una orientación tamén pedagóxica sendo un espazo que, sen humanizar, permita accións educativas relacionadas co coñecemento da vexetación e fauna galega. Este convenio ten un afán de “escalabilidade” de forma que se acade un modelo de xestión que poidan replicar outros concellos o entidades como formula de salvagarda do seu medio natural e na medida do posible autóctono.
- IV. Por todo isto, dada a coincidencia de intereses entre ambas as entidades, que perseguen un fin común, e sendo conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir o presente convenio de colaboración, con arranxo ás seguintes

Cláusulas

Primeira. Obxecto do convenio

A finalidade do presente convenio é establecer as condicións pola que se rexerá a colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a UVigo para a realización do “Bosque-escola Juan Manuel Pérez Eyré” na parcela de titularidade municipal de 5 hectáreas non urbanizadas e coñecidas como “Pinar do Rei”.

Segunda. Compromisos das partes

Para a realización do obxecto do presente Convenio as partes comprométese a levar a cabo as seguintes actuacións:

Por parte da UVigo:

- Ofrecer criterio técnico por mediación do secretario do equipo de investigación do Observatorio para a Gobernanza D. Óscar Briones Gamarra e do/a profesor/a da UVigo D. Fernando Martínez Arribas, que proporcionará asistencia na dimensión xurídica-normativa do proxecto, que consultarán co persoal investigador da UVigo e con aquelas persoas alleas que consideren con capacidade suficiente para poder axudar na mellor opción para a creación e consolidación natural do espazo previsto
- Promover, por mediación do secretario do equipo de investigación do Observatorio para a Gobernanza D. Óscar Briones Gamarra accións con entidades do terceiro sector que poidan, vía voluntariado, axudar na rexeneración e consolidación do espazo ____]
- Solicitar do Excmo Concello de Vilagarcía axuda e colaboración con medios propios e, de ser posible, con dotación ou financiación de recursos necesarios. Non obstante a orientación do proxecto é a da conservación natural reducindo ao mínimo posible a intervención humana sobre o terreo natural a preservar, nunha lóxica de contención do gasto público e autoequilibrio do espazo, para o cal é fundamental acadar o bosque de frondosas que permite un sotobosque autónomo sen necesidade apenas de coidados humanos.
- Proporcionar alomenos un informe ao ano detallando o seguimento dos obxectivos do Convenio.
- Supervisar o espazo natural de forma regular, monitorizando o cumprimento das accións de preservación previstas.
- Buscar novas vías de financiación en proxectos de investigación e/ou liñas de axuda ou no financiamento da chamada economía verde, evitando en todo momento o “greenwashing” para o cal o equipo de investigación despregará os elementos de control necesarios.
- Difundir, no plano científico pero tamén no divulgativo e nos medios de comunicación convencionais, os obxectivos de preservación e mantemento acadados

Por parte de Concello de Vilagarcía de Arousa :

- Respetar o criterio técnico na rexeneración do espazo que marque o Equipo de Investigación da Universidade de Vigo. O Concello tamén poderá contribuir ca súa mellor

opinión técnica para intentar, no posible, acadar unha estratexia consensuada entre ambas dúas entidades.

- Colaborar, na medida do posible, con medios propios ou financiación no proxecto de rexeneración e educación en valores medioambientais
- Explorar a posibilidade de incorporar novas parcelas para consolidar unha extensión máis idónea para replicar un bosque atlántico de frondosas como ecosistema integral.
- Buscar a máxima e permanente protección xurídico medioambiental, nomeadamente a consideración de ENIL promovido polo equipo da Universidade de Vigo.
- Ofrecer o espazo á comunidade educativa de Vilagarcía para actividades de educación en valores medioambientais.
- Anunciar as accións sobre o espazo sen caer na sobreexposición mediática, cunha exposición mesurada evitando o “greenwashing”, comunicando no posible, ao equipo de investigación as súas accións comunicativas ao respecto ou intervencións no espazo ou nos espazos colindantes.
- Comunicar ao Equipo de Investigación da Universidade de Vigo actuacións ou eventos que se vaian desenvolver no espazo, respectando a idea de non humanizar o espazo e mantelo no posible como espazo de tranquilidade e rexeneración da natureza orixinaria da zona, reducindo no posible o impacto humano que deberá ser medurado en relación ao desenvolvemento do espazo natural.
- Facer unha aportación económica de 4.000 euros por cada exercicio, con cargo á partida orzamentaria 1720-489, segundo a distribución estipulada na cláusula terceira. Esta aportación está condicionada a que exista crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios orzamentarios.

A presente achega cubrirá o custo da realización da actividade sen que ningunha das partes obteña beneficio ou lucro.

Terceira. Financiación

A UVigo comprométese a aportar os recursos tanto personais como materiais, que estean ao seu alcance para levar a cabo a actividade de colaboración obxecto do presente convenio.

Cuarta. Responsables do traballo

Os traballos encomendados á UVigo serán responsabilidade do Grupo de Investigación “Observatorio para a Gobernanza G3”, coordinado polo/a profesor/a [Oscar Briones Gamarra] (email: oscarbriones@uvigo.gal e teléfono: 649610233), quen actuará ademais como interlocutor, e coa participación do/a profesor/a Fernando Martínez Arribas (email: fernando.martinez@uvigo.gal e teléfono: 666477701), sen impedimento para que actúe acompañado do persoal técnico que considere con competencia ou pericia suficiente.

Por parte de [Concello de Vilagarcía actuará como responsable e interlocutor/a: Alcalde Aberto Varela, (email: [____]), e teléfono: [____]).

Quinta. Vixencia do convenio

A duración do presente convenio será de 4 anos e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026, previa sinatura por todas as partes do convenio. Poderá ser prorrogado por acordo unánime das partes por un período de ata catro anos adicionais, que deberá ser formalizado por escrito, un mes antes da expiración do prazo convido.

Sexta. Confidencialidade

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidesen ter acceso no desenvolvemento do Convenio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público, a parte receptora teña evidencia que coñece previamente a información recibida ou a información recibida proceda dun terceiro que non esixe secreto.

Calquera divulgación dos resultados, parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito e por medios fehacientes. A outra parte deberá responder nun prazo máximo de quince días, comunicando a súa autorización, as seus reservas ou a súa desconformidade sobre a información contida. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Sétima. Titularidade dos resultados

Os resultados obtidos no desenvolvemento do presente Convenio quedarán a disposición das partes, e serán de titularidade compartida entre elas. Aqueles resultados obtidos susceptibles de protección mediante propiedade intelectual e/ou industrial, poranse en coñecemento das partes, quen decidirán sobre a conveniencia da súa protección. No seu caso, as solicitudes de protección presentaranse en cotitularidade polas partes, non podendo ser utilizados por terceiros para fins distintos do seu estudo e reseña, salvo autorización expresa de ambos os cotitulares. Tanto en publicacións como en patentes respectarase sempre a mención aos autores do traballo, que nestas últimas figurarán en calidade de inventores.

Oitava. Mecanismos de seguimento

Para a aplicación, seguimento, avaliación, e control das accións e dos compromisos adquiridos, así como para a interpretación do presente convenio e a resolución de posibles desavinzas, constituirase, se fora necesario, unha comisión mixta, integrada por representantes de ambas as partes en réxime de paridade.

Novena. Protección de datos persoais

As partes comprométese a tratar os datos persoais necesarios para a execución do presente convenio de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Décima. Transparencia

Este convenio sométese ao disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como ao disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decimoprimeira. Difusión

En calquera caso de difusión de resultados e das actividades obxecto do presente convenio, farase sempre mención ao mesmo . Ambas as partes se autorizan reciprocamente a utilizar os seus respectivos logotipos como entidades colaboradoras exclusivamente na difusión e publicidade das actividades obxecto do presente convenio, suxeito ás regras e instrucións que ambas as institucións poidan proporcionarse reciprocamente para ese efecto.

Calquera outra entidade que colabore, nomeadamente entidades do terceiro sector pero tamén empresas, deberán facer mención ao convenio de preservación e en especial ás dúas entidades orixinarias que o asinan.

Decimosegunda. Modificación e extinción do convenio

Este convenio é susceptible de modificación por acordo unánime das partes, que se formalizará mediante a correspondente addenda. Tamén poderá extinguirse por desacordo ou incapacidade sobrevenida de calquera das partes.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución. As causas de resolución son as contempladas no art. 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera caso, as partes comprométese a finalizar as accións que estean en curso de execución no momento en que cause efecto a resolución do convenio.

A Comisión de Seguimento continuará en funcións e será a encargada de resolver as cuestións que puidesen exporse en relación coas actuacións en curso ou derivadas do convenio e, así mesmo, para o caso de producirse a extinción, ata que se resolvan as cuestións pendentes.

Decimoterceira. Natureza e réxime xurídico

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, deberán de liquidarse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Se non se chegase a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo de Galicia.

E en proba de conformidade e para a debida constancia de todo o convido, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar duplicado e en todas as súas follas ou nun único exemplar electrónico, no lugar e data ao principio indicados.

Pola UNIVERSIDADE DE VIGO	Polo Concello de Vilagarcía
D./D ^a Manuel Joaquín Reigosa Roger RECTOR MAGNIFICO	D./D ^a D. Alberto Varela Paz Excmo. Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa